



**XEFE DE SERVICIO DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS
Delegación Provincial da Consellería
do Medio Rural da Coruña
Edificio Adtvo. Monelos s/n
A CORUÑA**

Por medio da presente comunícolle para o seu coñemento e aos efectos oportunos, que o Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común da Coruña, na súa reunión do día 17 de xullo. do 2007, adoptou a seguinte acordo:

ASISTENTES

PRESIDENTE

Delegada Provincial da Consellería do Medio Rural
D^a Olga M^a Garcia Agra

VOGAIS

Representante do servizo de Montes e Industrias Forestais

D. José J. Martel Muñoz-Cobos

Representante do Ilustre Colexio Provincial de Avogados de A Coruña

D. Augusto José Pérez-Cepeda Vila

Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia

D. Alfonso Vázquez – Castro Garma

Vogais representantes da comunidade de Ribeiras do Sor do concello de Mañón

D. José Manuel Cardelle González

D^a. Dolores Polo Fernández

125010

SECRETARIA

Xefa do servizo Xurídico Administrativo da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural

D^a J. Amalia Lorenzo Penela

Na cidade da Coruña, sendo o día 17 de xullo do 2007, coa asistencia das persoas reseñadas anteriormente agás o representante das comunidades propietarias de montes clasificados da Provincia quen excusou a súa ausencia, reúnese no 3º andar do edificio administrativo Monelos o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de A Coruña co obxecto estudar e resolver o seguinte expediente:

Expediente: nº 391

Monte : Fraga e Veiga

Comunidade: Ribeiras do Sor

Parroquia : Ribeiras do Sor

Concello : Mañón

Superficie: 154,10 has

Lindeiros:

Cadra totalmente co monte C.U.P. Nº 229 denominado Fraga e Veiga. No servizo de Montes e Industrias Forestais da Consellería do Medio Rural consta o expediente completo do seu deslindamento.



ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- D. José Manuel Cardelle González, como presidente da xunta promotora e outros veciños da parroquia de Ribeiras do Sor do Concello de Mañón, solicitaron, con data de rexistro de entrada de 26 de novembro de 2004, a declaración como veciñal do monte arriba referenciado cunha superficie de 154,10 has e que cadra totalmente co monte C.U.P nº 229 denominado Fraga e Veiga. Os promoventes do expediente fundamentan a súa petición ante o xurado en que os montes Fraga e Veiga son montes de natureza veciñal, pois foron aproveitados sen distinción por todos os veciños da parroquia. Presentan acta de manifestación notarial outorgada por varios veciños de Ribeiras do Sor, neste senso.

2º.- Á vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión de 14 de marzo de 2005, acordou iniciar o oportuno expediente nomeando como instrutor del, a D. Juan Ramón Beneyto Bellas, quen aceptou expresamente o cargo. Procedeuse á correspondente tramitación, e de acordo co disposto nos artigos 20 e 21 do Regulamento do 4 de setembro do 1992, solicitouse informe ao servizo de Montes e Industrias Forestais e certificación de asentos ao Rexistro da Propiedade de Ortigueira, quen informa que dito monte e coas características indicadas non consta inscrito no devandito Rexistro. Así mesmo, con data 15 e 16 de marzo do 2005, librouse por orde do instrutor comunicacións do acordo de inicio do expediente de clasificación segundo establece o artigo 23 do Regulamento, ao xefe do servizo de Montes e Industrias Forestais, aos efectos de aproveitamentos e de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 13/89, do 10 de outubro; ao Sr. Alcalde-Presidente do concello de Mañón, ao que se lle remitiu edicto do acordo de inicio a fin de que, segundo o disposto no artigo 10 da Lei e 23 do Regulamento de montes veciñais en man común, sexa exposto polo período de un mes aos efectos de alegacións dos posibles interesados; ao Rexistro da Propiedade de Ortigueira para que se realice a práctica das oportunas anotacións preventivas; ao presidente da xunta promotora para a clasificación do monte; e publicáronse editos no Diario Oficial de Galicia (nº 86 de 5 de maio de 2005); e taboleiro de anuncios do concello, donde estivo exposto polo período de un mes desde o 29 de marzo do 2005, segundo certifica o seu secretario.

3º.- Con data 28 de abril do 2005, o concello de Mañón remite ao xurado escrito no que informa que o monte Fraga e Veiga é comunal; está inscrito no CUP cos nº 229 e 231 e que existe un consorcio co concello do 8 de outubro de 1962, no que na súa base 4ª se di que os terreos son de propiedade do concello e que se trata dun monte comunal da parroquia de Ribeiras do Sor.

4º.- Durante o período de alegacións presentáronse as seguintes:

- Con data 1 de xuño e vía fax, a empresa Gamesa Energía, S.A. solicita plano de deslindes e demais documentación de utilidade que lle é entregada, segundo consta no expediente, con data 2 de xuño, alegando a condición de interesado por ter instalado no monte un parque eólico.
- En data 2 de xuño (R/E 103.299), os esposos Dª Consuelo González Polo e D. Anselmo Béaz Martínez presentan escritos de alegacións, reclamando predios de titularidade particular no lugar de Munin: 5 encravadas no lugar de Munin pertencentes por herdanza a Dª. Consuelo; 3 pertencentes a ámbolos dous esposos adquiridos por compra; e 1 pertencente por herdanza a D. Anselmo en misión co seu fillo. Presentan diversa documentación.



- En data 3 de xuño (R/E2005/1312), D^a María Neri Cribeiro Béaz presenta escrito de alegacións, reclamando 5 montes de titularidade particular, presentando diversa documentación.
- En data 3 de xuño (R/E 1072), D. Francisco Polo Fernández presenta escrito de alegacións, reclamando 1 leira dentro do monte Fraga e Veiga, solicitando se lle recoñeza a citada propiedade, ademais de excluíla da clasificación como veciñal. Presenta diversa documentación.
- En data 3 de xuño (R/E 1.073), D. José Manuel Cardelle González presenta escrito de alegacións, reclamando 4 leiras dentro do monte Fraga e Veiga, solicitando se lle recoñezan as citadas propiedades, ademais de excluílas da clasificación como veciñal. Presenta diversa documentación.
- En data 3 de xuño (R/E 1074), D^a Dolores Polo Fernández presenta escrito de alegacións, reclamando 2 leiras dentro do monte Fraga e Veiga, solicitando que se lle recoñezan as citadas propiedades, ademais de excluílas da clasificación como veciñal. Presenta diversa documentación.
- En data 3 de xuño (R/E 1075), D. José García Acción presenta escrito de alegacións, reclamando 20 leiras dentro do monte Fraga e Veiga, solicitando que se lle recoñezan as citadas propiedades, ademais de excluílas da clasificación como veciñal. Presenta diversa documentación.
- En data 6 de xuño de 2005 (R/E 2976), D^a Dolores Fanego Galdo herdeira de María Galdo López e Josefa Galdo López, presenta escrito de alegacións, reclamando 7 leiras dentro do monte Fraga e Veiga, solicitando que se lle recoñezan as citadas propiedades, ademais de excluílas da clasificación como veciñal. Presenta diversa documentación.

5º.- Por escrito do 13 de xuño de 2006, se lle comunica a D. José Manuel Cardelle González, presidente da xunta promotora, que foron presentados os anteriores escritos de solicitude de recoñecemento de propiedade particular e exclusión de clasificación como veciñal desas parcelas no devandito monte.

6º.- No trámite de audiencia realizado o día da sesión do xurado do 18 de xullo do 2006, o concello de Mañón, por escrito presentado na mesma data que achega un representante e do que se da lectura nese intre, se ratifica na súa posición de opoñerse á clasificación do monte como veciñal por entender que tal monte é público, está catalogado como de utilidade pública e consta cos nº 229 e 231 do CUP, e que de feito someteuse por ter esta condición ás licencias e autorizacións administrativas necesarias para o aproveitamento privativo do monte; tal é o caso da instalación do parque eólico nel existente "A. Coriscada". Por último alega que nin no expediente instruído nin nos antecedentes do concello, existen actuacións, actos, resolucións ou acordos que acrediten a clasificación do monte como veciñal.

Así mesmo, comparecendo nesta xuntanza os interesados que alegaron por escrito ter propiedades no monte, ratifícanse que sexan excluídas as súas fincas do monte que se pretende clasificar, se ben non puideron neste acto identificar a ubicación das mesmas na superficie do devandito monte.

Tamén os promotores do expediente se ratifican na súa pretensión de clasificar o monte como veciñal, se ben recoñecen que hai propiedades particulares nel. mesmo o presidente da xunta promotora alega ter propiedades particulares.

Por último, comparecen neste acto representantes de Gamesa Energía S.A. e Enel Unión Fenosa Renovables, este último como titular do parque eólico "Coriscada" existente no monte que se pretende clasificar, alegando que o concello de Mañón outorgou unha concesión administrativa



a primeira das empresas para a instalación de dito parque, sendo agora titular desta a empresa Enel.

7º.- Vistas as alegacións formuladas polos interesados durante a reunión do xurado, este acordou con data 18 de xullo do 2006 deixar pendente a adopción de resolución da clasificación deste monte a fin de que os particulares que alegan ter propiedades nel poidan identificar as mesmas. Para facilitarlle este labor, na xuntanza se lles fixo entrega do correspondente plano topográfico de deslinde do monte "Fraga e Veiga" que se pretende clasificar. Na súa virtude, comunicouse con data 15/9/2006 a tódolos interesados que constan no expediente a resolución do xurado de suspender a tramitación do expediente a fin de que se aporte a documentación acreditativa das propiedades e a identificación das mesmas en dito plano. Non presentando documentación algunha transcorridos dous meses, realizábase un novo escrito aos interesados o 18/12/2006, outorgándose un prazo de 10 días hábiles para o seu cumprimento, advertíndolles que, en caso de non aportala, continuarase coa tramitación do expediente coa documentación obrante no mesmo. Dito requirimento foi de novo reiterado, ante a ausencia de contestación, o 26 de marzo do 2007.

O concello de Mañón por escrito do 23 de outubro do 2006, e tras la recepción do escrito no que se lle comunica o acordo do xurado do 18 de xullo, alega que o expediente caducou ao transcorrer máis dun ano de tramitación desde o seu comezo; que outorgarlle un prazo aos reclamantes de propiedades indica a imposibilidade destes de acreditar as súas propiedades; e, por último, alega que a competencia do xurado está en clasificar un monte como veciñal, pero, de acordo coa lei, non pode declarar a existencia de propiedades, nin inmiscuirse en cuestións privadas, alleas a súa competencia, as cales deben resolverse na xurisdición ordinaria, xa que se determinados propietarios queren facer valer os seus dereitos dominicais, fronte á propiedade pública do concello, deben acudir á xurisdición ordinaria.

8º.- Por acordo do xurado do 22 de decembro do 2006, e ante a baixa como membro do xurado de D. Juan Ramón Beneyto Bellas, instrutor do expediente, como vogal representante do Colexio Provincial de Avogados da Coruña para ser substituído por D. Augusto José Pérez-Cepeda Vila, desínase a D. Alfonso Vázquez Castro-Garza como instrutor, quen acepta o cargo.

9º.- Na xuntanza do Xurado do 17 de xullo do 2007, D. José Manuel Cardelle González, na súa condición de presidente da xunta promotora dos veciños da parroquia de Ribeiras do Sor, se ratifica en que é vontade dos veciños a clasificación do monte como veciñal, se ben aclara que existen propiedades particulares nel que non foron respectadas no seu día.

10º.- Na tramitación destas actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común (DOG núm. 202, de 20 de outubro) e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro (DOG núm. 186, de 23 de setembro) ámbolos dous da comunidade Autónoma de Galicia, Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais disposicións aplicables ó caso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdición e competencia para coñecer deste expediente en virtude do disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.



2º.- De conformidade co contido do artigo 11 da citada Lei e 19 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, os veciños da parroquia de Ribeiras do Sor son parte lécitima para solicitar a iniciación do presente expediente de clasificación.

3º.- Para a súa clasificación como veciñal en man común, o monte debe reunir as seguintes características: 1) pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Que se veña aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con casa aberta dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (Art. 1,2,3 da Lei 13/1989 e 1,2,3 do regulamento do 4 de setembro de 1992)

4º.-En canto ao aproveitamento consuetudinario do monte por parte dos veciños da parroquia de Ribeiras do Sor, no informe emitido polo servizo de Montes e Industrias Forestais de data 24.01.2005 se indica, básicamente, que o monte que se pretende clasificar cadra totalmente co monte Fraga e Veiga co nº 229 do CUP, e que, segundo a información da ficha do CUP pertencía á parroquia de Ribeiras do Sor, a cal viña sendo representada polo concello de Mañón. No elenco de montes conveniados ou consorciados coa Xunta de Galicia figura consorciado co concello de Mañón co nº C-3008, mais logo este foi rescindido o 16.07.1985. Así mesmo, no informe do Distrito Forestal I do 27 de maio do 2005, se indica que “ata principios dos anos noventa veñían facéndose polos veciños da parroquia de Ribeiras do Sor aproveitamentos de esquilmo para cadras de gando vacún; na actualidade fánse aproveitamentos de esquilmos esporádicos para veciños da parroquia de Mañón. Indica tamén que os veciños dos lugares que limitan co monte Penablanca, Folgos e Munín, utilizaban o monte para pastar os seus gandos, sobre todo, rebaños de ovellas, ata que o Patrimonio Forestal do Estado repoboa o monte, o que xerou no seu día certa animadversión coa Administración Forestal. Por último, salienta que no monte hai varias ocupacións de particulares que aducen ter títulos de propiedade; que existe un convenio coa empresa eólica GAMESA S.A. e o concello de Mañón, que hai instalados 13 aerogeneradores no monte e existen dous encravados”. Neste sentido, abundante xurisprudencia do TSXG establece que non é obstáculo para a declaración como veciñal o feito de que a explotación forestal a veña realizando o concello en virtude dun consorcio coa Administración Forestal estatal ou autonómica.....máxime cando o monte litixioso está catalogado como de utilidade pública e de titularidade parroquial e non municipal (sentencia 00373/2006).

No referente ás alegacións do concello nos seus escritos datados os días 30/06/2006 e 18/07/2006 nos que se manifesta que o monte Fraga e Veiga consta no CUP como titular o concello de Mañón, e como tal se tramitaron varias autorizacións e concesións administrativas, entre elas, a instalación e explotación do parque eólico “A Coriscada”, sinalar que, como xa se indicou, na propia ficha do CUP consta como titular a parroquia de Ribeiras do Sor, se ben esta estaba representada polo concello de Mañón. En canto á concesión da explotación do parque eólico, segundo certificado da secretaria do concello do 19/3/1997, o pleno da corporación en sesión celebrada o 7 de marzo de 1997, acordou conceder á empresa Sistemas Energéticos Mañón Ortigueira S.A., a ocupación de 35 has de terreo no monte referido, establecéndose as bases de dita concesión e, entre elas, a cláusula nº 24 do contrato, a cal baixou o título de “subsistencia da concesión no caso de clasificación sobrevida dos montes como veciñais en man común”, se recolle que “...no caso de clasificación sobrevida dos montes afectados pola presente concesión como veciñais en man común,entrando a percibir a comunidade titular o canon que devengarase no momento da clasificación”. Faise aquí, por tanto, unha transcripción do establecido na disposición adicional do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, de montes veciñais



en man común, o que debe entenderse como un recoñecemento implícito da condición veciñal do monte por parte do concello, referencia que non se faría de ter clara a titularidade do monte como de seu. Ademais, destacar que entre a documentación obrante neste expediente de autorización do parque eólico, existe un acordo da Comisión Galega do Medio Ambiente do 13 de marzo de 1997, polo que se aproba a declaración de efectos ambientais do proxecto de parque eólico de Coriscada no termo municipal de Mañón e Ortigueira, e no que se establece, entre as condicións adicionais, que o presente acordo non exime ao promotor de solicitar tódolos permisos necesarios ós organismos competentes para levar a cabo a actividade, e, en particular, "autorización da consellería de Agricultura, Gandería e Montes para a ocupación do monte veciñal en man común no que se va instalar o parque eólico, segundo o determinado nos artigos 5 e 7 da Lei de Montes (cláusula nº 7.4).

Respecto á caducidade do expediente que alega o concello de Mañón no seu escrito do 20 de outubro do 2006, por transcorrer máis de un ano na súa tramitación desde o seu inicio, hai que afirmar que a duración máxima do expediente que establece o artigo 11.3 da Lei 13/1989, de montes veciñais en man común, hai que poñerla en relación coa obriga de resolver establecida nos artigos 43 e 44 da Lei 30/92. Neste caso, iniciado o expediente de clasificación a instancia de parte, será de aplicación o disposto no artigo 43 no que se contempla que, a falta de resolución expresa vencido o prazo máximo para resolver, lexítima ao interesado que deducise a solicitude para entendela estimada ou desestimada por silencio administrativo, sen prexuízo da obriga de resolver que segue a manter a administración. Por tanto, a caducidade que alega o concello non é de aplicación neste suposto.

Por último, e en canto ás fincas particulares sitas no monte que se pretende clasificar alegadas polos interesados e que se relacionan no apartado cuarto dos antecedentes de feito, indicar que a documentación achegada con datas 25/4/2007 e 7/05/2007 (fóra dos prazos concedidos), segundo informa o Xefe de Área Técnica de Montes Veciñais en Man Común non é suficiente para determinar con precisión a situación das mesmas na superficie do monte que se solicita a clasificación, sen prexuízo de que non lle corresponde a este Xurado o recoñecemento dominical das mesmas, debendo acudir os interesados á xurisdición ordinaria para facer valer os dereitos que cren lles asisten segundo o disposto no artigo 10.9 da Lei 55/1980, de montes veciñais en man común.

5º Das actuacións obrantes no expediente e, en especial dos informes e documentación que consta no mesmo e que se indicaron no parágrafo anterior, conséntase que o monte que se pretende clasificar é un monte veciñal aproveitado polos veciños da parroquia de Ribeiras do Sor do concello de Mañón, e que reúne así as condicións esixidas pola Lei 13/1989, do 13 de outubro, de montes veciñais en man común.

En consecuencia, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, de acordo coa Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu regulamento aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, a proposta do Instrutor e por unanimidade dos asistentes, este Xurado

ACORDA

Primeiro: Clasificar como monte veciñal en man común o denominado monte "Fraga e Veiga" a favor da comunidade de Ribeiras do Sor do concello de Mañón, cos lindeiros, superficie e características seguintes:



Expediente: nº 391
Monte : Fraga e Veiga
Comunidade: Ribeiras do Sor
Parroquia : Ribeiras do sor
Concello: Mañón
Superficie: 154,10 has
Lindeiros:

Cadra totalmente co monte C.U.P. Nº 229 denominado Fraga e Veiga. No servizo de Montes e Industrias Forestais da Consellería do Medio Rural consta o expediente completo do seu deslindamento.

Segundo: En canto á ocupación de viradelos existente no monte clasificado outorgada polo concello de Mañón a favor da empresa Sistemas Energéticos Mañón Ortigueira S.A., subsistirá esta nos termos da concesión de acordo co establecido na disposición adicional do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, de montes veciñais en man común, en consoancia co disposto na disposición final terceira da Lei estatal 55/1980, do 11 de novembro, de montes veciñais en man común.

Así mesmo, acórdase excluír o declarado do inventariò de bens do concello e do Catálogo de Montes de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndoo no rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural de A Coruña.

Notifíquese a presente resolución aos interesados.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa..

A Coruña 26 de xullo de 2007

Vº e Prace
A Presidenta do Xurado


Olga Mª García Agra



A Secretaría do Xurado


Amalia Lorenzo Penela

DESLINDE TOTAL DEL MONTE
FRAGA Y VEIGA
 Nº 229 del catalogo de U.P.
 AYUNTAMIENTO DE MAÑÓN
 PARROQUIA DE RIBERAS DE SOR



ESCALA 1:5000

CABIDA TOTAL..... 167,40
 " ENCLAV..... 13,30
 " PUBLICA.....154,10 Has



ENCLAVADOS

CLAV	PROPIETARIO	SUPERF	DENOMINAC.	CUOTIVO
A	Francisco Fernandez Gal	1,00	Chousa de Munin	Pinar
B	Francisco Fernandez Gal y otros	8,80	Lugar o casa-rada de Munin	Ladrada Pudo y R. Escalitel
C	José Vaccato Goldi Costa	2,50	Chousa Fraga	Escalitel

PIQUETE COLINDANCIA

PIQUETE	COLINDANCIA
1-54	Monte "Mañón" nº 243 del C.U.P. perteneciente a la Parroquia de San Salvador de Couzadoiro Ayuntamiento de Ortigueira.
64-65	Rio Rande.
65-66	Monte "Penablanca" perteneciente a la Parroquia de Loiba, Ayuntamiento de Ortigueira.
66-92	Pinar de Manuel Cardello Sanfouiro y otros.
92-93	Pinar "Costa da Brava" propiedad de Anselmo Beaz Martínez y otros.
93-94	Pinar "Monte Forte" propiedad de Rodrigo Maciñeira Lago.
94-97	Pinar "Monte Forte" en el trazo de José Fernandez Lopez.
97-99	Pinar "Monte Forte" en el trazo de José Gomez y otros.
99-102	Pinar "Los Muros" de José Martínez Lorenzo y otros.
102-103	Escalitel "Sobre los Muros" de Maria Rivas y otros.
103-108	Pinar "Sobre los Muros" de Maria Rivas y otros.
108-109	Pinar y Escalitel "Sobre los Muros" de los Hnos de Dobros Palo Lamelas y otros.
109-109	Pinar "Sobre los Muros" de Nicolás Martínez.
109-110	Pinar "Chousas" de Eusebio Fernández Lorenzo y otros.
110-111	Pinar "Chousas" de Manuel Lopez Gocho.
111-112	Pinar "Chousas" de Maria Rogelio Prieto Perván.
112-113	Pinar "Chousas" de Eusebio Fernández Lorenzo.
113-114	Pinar "Chousas" de Maria Tijo Fernández.
114-115	Escalitel "Merón" de José Baza y otros.
115-118	Pinar y Escalitel "Merón" de Manuel Lopez Gocho.
118-119	Pinar "Fuente del Seijo" de Rogelio y Manuel Lopez Gocho.
119-121	Camino que une los lugares de Penablanca y Munin.
121-124	Escalitel "Refo" de Maria Pigeiros y otros.
124-125	Pinar "A Costa" de Antonio González Lamelas.
125-126	Camino Sacramental a Munin.
126-127	Pinar y Escalitel "Pen de Gaudara" de Maria Pigeiros Salgueiro.
127-128	Pinar "Pen" de Antonio González Lamelas, y Hnos de Nicolasa Ribera Salceiro.
128-129	Pinar "Mina" de los Hnos de Manuel Ribera Salceiro.
129-130	Pinar "Fraguillas" de Leonardo Baza Martínez y otros.
130-131	Pinar "Corvos" de Manuel Ribera Fernández.
131-132	Pinar "Corvos" de Maria Tijo y otros.
132-133	Pinar "Corvos" de Analia Baza Martínez.
133-134	Pinar "Corvos" de Eliza Fernández Lopez.
134-135	Pinar "Serrón de Lavadoiros" de Manuel Baza y otros.
135-136	Pinar "Serrón de Lavadoiros" de Guillermo Cribeiro Rodríguez.
136-137	Pinar "Serrón de Lavadoiros" de Maria Fernández Salgueiro.
137-138	Escalitel "Fraga de Uzal" de los Hnos de Jesus Rendo.
138-139	Escalitel "Refo Bello" de Maria Fernández Salgueiro.
139-140	Pinar "Ulla" de Antonio Refo Lorenzo.
140-141	Pinar y Escalitel "Pen Louzo" de Antonio Refo Lorenzo.
141-142	Pinar "Cima de Fraga" de Maria Fernández Salgueiro.
142-143	Monte "El Garrancho" Coriscada y Vilariño, perteneciente a la Parroquia de Mañón, Ayuntamiento de Mañón.

LA CORUÑA, NOVIEMBRE DE 1.969
 EL INGENIERO OPERADOR

[Handwritten signature]